

# Sesión música infantil do 04 ao 08 de maio

Se tedes calquera dúbida ou queredes compartir algunha actividade aquí vos deixo un correo de contacto [musicacrapontedapedra@gmail.com](mailto:musicacrapontedapedra@gmail.com)

## 1º Audición do Voo do moscardo interpretado polo grupo Canadian Brass

[Flight of the Bumblebee-Canadian Brass](#)(preme para escoitar).

-Gustouche a canción? por que si/non? Coñecíala? **O Voo do moscardo (ou do abellón) é unha peza musical do compositor ruso [Rimski-Kórsakov](#) (preme para ver a imaxe) que pretende representar o voo dun abellón.**

-Coñeces algún dos instrumentos que aparecen? [Trompetas](#), [Trompa](#), [Trombón](#) e [Tuba](#)(preme para ver os instrumentos). Como se fan soar estes instrumentos? **Soplando**. Lembras que tipo de instrumentos son os que soan cando lle soplamos? **Instrumentos de Vento**.

## 2º Bailamos coa música

-Reproducimos a seguinte canción [Danza del fuego](#)(preme para escoitar) e bailamos adaptando os nosos movementos á intensidade da música.

-Podemos volver a bailar coa canción pero desta vez xogando ás estatuas musicais, cada vez que para a canción teñen que pararse na posición na que estaban ou segundo nos lle digamos (quietas cunha perna no aire, cunha pé e unha man tocando o chan, coas mans e os pés apoiados no chan, etc).

## 3º Cantamos Cinco dedinhos

-Imos aprender e a canción [Cinco dedinhos](#)(preme para escoitar) de Cé Orquestra Pantasma. Aprendemos a letra e cantamos con ela. Unha vez teñamos aprendida a [letra](#) (preme para ver a letra) intentamos pouco a pouco ir aprendendo o signos e cantamos e facemos os signos acompañando a canción. Non temos que facelo todo no mesmo día, podemos poñerlla pola semana e que a vaian practicando.

## 4º Debuxamos

-Collemos un folio e un lapis, rotulador, lapis de cor ou bolígrafo. Reproducimos o [Voo do moscardo](#)(preme para escoitar) e pintamos mentres soa a música. Non se pode levantar o lapis do folio, paramos a música se queremos cambiar de cor. Temos que trazar/debuxar o voo que faría, non o pintar o insecto en si mesmo. É importante prestarlle moita atención á música e adaptar os nosos movementos á mesma. A debuxar!

-Un vez rematada a música, podemos colorear as formas cerradas e poñer puntos e liñas nos espazos abertos, ou como eles prefiran. [Exemplo](#) (preme para ver exemplos).

## 5º RETO DESTA SEMANA!!

-Como entramos no mes de maio anímovos a que fagades un [maio](#)(preme para ver exemplos) cos obxectos que teñades pola casa e a que escoitedes a canción [Aí ven o maio](#)(preme para escoitar) de Luis Emilio Batallán, agardo que vos guste. Apertas a todas e a todos!